



# SE O TEU **ALUGUER** REMATA ENTRE O 22 DE MARZO DE 2026 E O 31 DE DECEMBRO DE 2027 PODES PEDIR UNHA **PRÓRROGA** **DE ATA 2 ANOS**

## Que di o decreto dos alugueres?

O Real Decreto-lei 8/2026 establece que os contratos de aluguer de vivenda habitual que finalicen antes do 31 de decembro de 2027 poden beneficiarse dunha **prórroga extraordinaria de ata 2 anos**, mantendo as mesmas condicións do contrato vixente.

Esta prórroga debe ser solicitada pola parte inquilina. A parte propietaria está obrigada a aceptala, salvo excepcións moi concretas (como necesidade de ocupar a vivenda). Ademais, durante este período a **subida máxima anual do aluguer queda limitada ó 2%**.

### **Solicítalo canto antes.**

Para acollerte a esta prórroga debes **comunicar a túa vontade ó caseiro antes de que finalice o contrato**. Faino por un medio que deixe constancia (correo electrónico certificado ou burofax). Aínda que o decreto está pendente de convalidación parlamentaria, **se solicitas a prórroga a tempo, esta será válida incluso se o decreto decae**, así que é importante **pedila canto antes**.

Tes dúbidas? Contáctanos.



[info@esquerdaunida.org](mailto:info@esquerdaunida.org)



**esquerda unida**